



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS E O CONCELLO DE OURENSE PARA A RENOVACIÓN DAS LUMINARIAS DA PONTE DO MILENIO E A EXECUCIÓN DA INSTALACIÓNS SEMAFÓRICA DOS ACCESOS AO COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DE OURENSE

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director da Axencia Galega de Infraestructuras, **DECLARA:**

Que a Axencia Galega de Infraestructuras (AXI) formalizou co Concello de Ourense o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue desde a súa sinatura ata o 31.12.2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as bases da colaboración técnica e económica entre a Xunta de Galicia e o Concello de Ourense para a renovación das luminarias da Ponte do Milenio e a execución da instalación semafórica dos accesos ao Complexo Hospitalario de Ourense.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se asinou se fundamenta no seguinte:

O Concello de Ourense está interesado en dotar de iluminación, revisar e poñer a punto a instalación eléctrica de toda a Ponte do Milenio, mediante a reposición de proxectores que se atopan rotos, deteriorados ou que non existan, asegurando a axeitada iluminación de calquera superficie para o uso previsto, tanto de circulación de vehículos como peonil. Ademáis, considera imprescindible para a funcionalidade e seguridade viaria do





acceso ao Complexo Hospitalario Universitario de Ourense a realización da instalación semafórica.

De acordo co artigo 7.2 do seu Estatuto, á Axencia Galega de Infraestruturas correspóndelle o impulso, promoción e coordinación das estratexias de seguridade viaria coas distintas administracións públicas implicadas na materia

O Plan de Seguridade Viaria de Galicia 2016-2020 ten como obxectivo estratéxico 2 a consecución de vías de tránsito e mobilidade máis seguras, contemplando entre as súas accións a mellora da seguridade viaria das persoas usuarias vulnerables.

En relación co Plan de Seguridade Viaria 2016-2020, e na liña de potenciar a mobilidade sostible, a Axencia Galega de Infraestruturas está a desenvolver unha estratexia para a execución de sendas seguras, sostibles e integradas.

Esta estratexia céntrase no fomento da mobilidade alternativa a nivel local (desprazamento cotiá e a escala comarcal), ben por tratarse de tramos que comunican núcleos de poboación entre si, ou ben por dar acceso a servizos tales como centros de saúde, farmacias, escolas, zonas deportivas, etc., buscando favorecer unha mobilidade urbana e interurbana máis sustentable.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o re-





curso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela, a 5 de xuño de 2017

